

Os alicerces institucionais da prosperidade



Fernando del R o

Universidade de Santiago de Compostela

Os alicerces institucionais da prosperidade

Fernando Del Río

Universidade de Santiago de Compostela

Publicado polo European Liberal Forum asbl, co apoio da Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia (Galidem) e o Movemento Liberal Social (MLS).
Financiado polo Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo non é responsabel do contido da publicación. Os puntos de vista expresados na publicación son dos respectivos autores e non reflicten necesariamente os puntos de vista do European Liberal Forum asbl.

copyright @ 2012 European Liberal Forum asbl, Bruxelas, Bélxica.

Esta publicación só pode ser reproducida, arquivada ou transmitida, en calquera formato ou por calquera medio, coa autorización previa por escrito do editor. As cuestións relacionadas con a reprodución fora destes termos deben ser enviadas ao European Liberal Forum. Unha copia dixital desta publicación poderá ser obtida gratuitamente en www.liberalforum.eu, www.galidem.eu ou www.liberal-social.org.

Para informacións adicionais e distribución:

galidem - Asociación Galega pola Liberdade e a Democracia
Rua do Bispo Lago 33,
E36700 Tui (Galiza), España
www.galidem.eu
galidem@galidem.eu

MLS - Movemento Liberal Social
Rua Ramalho Ortigão, 31, CV DTA
1070-228 Lisboa . Portugal
www.liberal-social.org
secretariado@liberal-social.org

Ficha Técnica:

Título: Os alicerces institucionais da prosperidade

Serie: Unidades Didáticas sobre Liberalismo. I. Pensamento Liberal.

Autor: Fernando Del Río

Editor: European Liberal Forum asbl

Imprime: *Faster Print*

Palabras-chave: prosperidade, institucións, liberalismo, liberal, economía, pensamento liberal.

Índice

1.	Introdución	p. 1
2.	Un conto de dúas illas	p. 3
3.	Que son as Institucións?	p.10
4.	Procura de rendas vs. Procura de lucros	p.13
5.	As funcións das boas institucións	p.16
5.1.	A pedra angular: protexer a propiedade	p.16
5.2.	Non impor barreiras ao comercio	p.19
5.3.	Reducir o risco	p.22
5.4.	Non conceder privilexios legais	p.25
6.	Evolución institucional	p.33
7.	Conclusións	p.38
	Para saber máis...	p.40
	Resumo	p.41
	Actividades	p.43

1

Introdución

Os economistas sempre se teñen preocupado por averiguar as causas da prosperidade das nacións. Non por casualidade o libro do economista escocés Adam Smith – considerado o pai da Economía moderna- titulouse “An Inquiry into the Nature and Causes of the Wealth of Nations”. Desde a súa publicación en 1776 xa ten transcorrido moito tempo. E aínda hoxe esta cuestión trae de cabeza aos economistas.

A estrutura de incentivos confrontada polos individuos nas súas interaccións sociais condicionan o que farán e, por tanto, determinan se as súas accións se han traducir no progreso económico e social dunha nación. Un incentivo é algo que motiva a un individuo a realizar unha acción. Se os individuos teñen incentivos a realizar accións que beneficien aos demais entón a sociedade progresará, mais se os individuos teñen incentivos a realizar accións improdutivas ou que prexudiquen aos demais entón a sociedade fracasará.

O principal determinante dos incentivos que confrontan as persoas son as normas que regulan as interacción humanas. As regras do xogo. Denominadas institucións polos economistas. Segundo sexan estas regras, os incentivos serán diferentes e, así, diferirá o comportamento humano. No xogo do fútbol está prohibido, e castígase, dar patadas. Os individuos teñen así incentivos a non agredir o contrario, a regatear, a pasarse o balón en corto,...E todas estas accións configuran finalmente un estilo de xogar atractivo seguido por centos de millóns de persoas en todo o mundo. Polo contrario, se no xogo do fútbol estivese permitido dar patadas, os individuos terían incentivos a agredir ao contrario, non tentarían regatear ante o temor de recibir unha patada, xogarían ao patadón para quitarse de enriba rapidamente o balón...O resultado sería un xogo violento e aburrido no que ninguén tería interese. Pois, do mesmo modo que as regras do fútbol condicionan o estilo do xogo, as institucións condicionan os resultados dunha sociedade.

Nesta unidade didáctica abordamos a cuestión das institucións e analizamos o seu papel na prosperidade ou fracaso das nacións. Poñemos de manifesto cales deben ser as funcións que deben realizar as institucións que sitúen unha sociedade no camiño da prosperidade e analizamos cales son as razóns de que as sociedades adopten mellores ou peores institucións. Como veremos ao longo desta unidade, as boas institucións deben protexer a propiedade privada, non impedir os acordos libres e voluntarios, minimizar o risco e non conceder privilexios legais a persoas ou grupos de persoas que lles permitan realizar

actividades prexudiciais para os demais.

O camiño institucional dunha sociedade cara a prosperidade está cheo de buracos e atrancos porque as institucións que imperan nunha sociedade son o produto do conflito entre grupos de intereses que procuran instaurar as institucións que lles permitan atinxir do mellor xeito posíbel os seus intereses . As mudanzas institucionais, na medida en que poña en tela de xuízo estes intereses, serán boicoteadas por estes grupos.

Esta unidade organízase como sigue. Na Sección 2 unha fábula ilustra como traballan as institucións. Na Sección 3 define o concepto de institución e os obxectivos que deben perseguir as institucións que pretendan sentar as bases da prosperidade. A Sección 4 está dedicada a establecer a diferenza entre actividades de procura de rendas e actividades de procura de lucros. As funcións que deben realizar as institucións que favorezan a prosperidade son discutidas na Sección 5. A Sección 6 aborda a cuestión da evolución institucional. Na Sección 7, as conclusións.

2 Un conto de dúas illas

Éranse unha vez dúas illas, Decadencia e Prosperidade. O Ministro de Economía de Illa Decadencia, preocupado pola situación económica do seu país, acudiu a Intenational Consulting Corporation (ICC) para encargar un informe sobre a situación económica do seu país. Estaba verdadeiramente preocupado. A economía dos seus veciños de Illa Prosperidade ía vento en popa. Porén, Illa Decadencia era pobre. O ministro quería coñecer as causas de tal diverxencia.¹

Contabilidade

Os economistas da ICC puxéronse de inmediato mans á obra. A súa primeira tarefa foi arrecadar toda a información ao seu dispor sobre ambas illas que resumiron na Ficha da Figura 1. A estrutura produtiva de ambas illas é bastante semellante pois dedícanse á produción de leite en granxas usando muxidoras eléctrica e traballadores.

- **Decadencia** é unha monarquía absoluta. 40 persoas son operarios nas granxas e dispoñen de cinco muxidoras eléctricas. En Decadencia existe un problema co roubo de gando. Para defenderse dos roubos as granxas teñen empregados 20 gardas de seguranza armados con 5 escopetas. O rei ten un luxoso palacio. A administración real ten no cadro 20 burócratas. En Illa Decadencia prodúcese anualmente 500 litros de leite.

Figura 1: Ficha técnica de Decadencia e Prosperidade

	Decadencia	Prosperidade
Réxime político	Monarquía absoluta	República Parlamentar
Poboación	100 persoas	80 persoas
PIB (Y)	500 litros (1 euro)	4000 litros (1 euro)
Emprego (L)	40 operarios 20 gardas de seguranza 20 burócratas	50 operarios 20 veterinarios 10 burócratas
Capital (K)	5 muxidoras (50 euros) 5 escopetas (50 euros) 1 palacio (500 euros)	100 muxidoras (50 euros) 10 facultades (500 euros)

¹ Esta historia está tomada do libro de David N. Weil “Crecimiento Económico” editado no ano 2006 por Pearson Educación.

- **Prosperidade** é unha república parlamentar. Hai 50 operarios de muxidoras, 20 veterinarios e 10 burócratas. Non hai roubos, así que non necesitan gardas de seguranza nin escopetas. Posúen 100 muxidoras. Dez facultades de veterinaria forman os futuros veterinarios. En Illa Prosperidade prodúcese anualmente 4000 litros de leite.²

Para levar a cabo a súa análise os economistas de ICC usan os fundamentos analíticos que posúen. En particular, supoñen que a produción de cada illa é unha función do capital e o traballo que usan. A función de produción que supoñen é

$$(1) \quad Y = AK^\alpha L^{1-\alpha}$$

Onde Y é a produción, K é o capital usado na produción, L é o número de traballadores, α é un número entre 0 e 1 e A é unha variábel que determina a capacidade que ten unha economía de transformar insumos en produto pois canto maior sexa A maior cantidade de produto pode ser obtida a partires da mesma cantidade de insumos (capital e traballo). A variábel A é coñecida polo nome de produtividade total dos factores.

Logo dun pouco de álgebra a ecuación (1) pode rescribirse como:

$$(2) \quad \frac{Y}{L} = A \left(\frac{K}{Y} \right)^{\alpha/(1-\alpha)}$$

O que aparece no lado esquerda da ecuación é a produción por traballador, que chamaremos produtividade, e que depende de dúas variábeis: (i) o ratio capital-producción (K/Y) e a (ii) a produtividade total dos factores (A).

Os economistas de ICC xa están preparados para botar contas. Dividen o valor da produción polo número de traballadores e o resultado é que a produtividade en Illa Prosperidade é de 50 euros e en Illa Decadencia é tan só de 6,25 euros, o 12,5% de Illa Prosperidade. De acordo cos seus fundamentos analíticos esta diferenza pode explicarse tanto por diferenzas no ratio capital-producción (K/Y) como na produtividade total dos factores (A).

O ratio capital-producción en Illa Prosperidade é 2,5 (resultado de dividir o valor do capital -que é 10.000- polo valor da produción, 4000 euros) e en Illa Decadencia é 2 (resultado de dividir o valor do capi-

² Os prezos de cada muxidora (50 euros), de cada escopeta (50 euros) , do palacio (500 euros), de cada facultade (500 euros) e de cada litro de leite (1 euros) aparecen na Ficha 1.

tal -que é 1.000- polo valor da produción, 500 euros). Por tanto, o ratio capital-produto de Illa Decadencia é o 80% do de Illa Prosperidade. Os economistas de ICC para continuar cos seus cálculos supoñen que o valor de α é $1/3$.³ Poden entón calcular a contribución de diferenzas no ratio capital-produto á diferenza observada na produtividade. Simplemente calculan a raíz cadrada de 0,80, que dá 0,89. É dicir, debido á diferenza no ratio capital-produto a produtividade de Decadencia é o 89% da produtividade de Prosperidade.


Os economistas non teñen datos da produtividade total dos factores (A), mais afortunadamente poden calcular esta variábel como un residuo dividindo a produtividade pola raíz cadrada do ratio capital-producción. Nótese que A pódese despexar na ecuación 2:

$$(3) \quad A = \frac{Y}{L} \left(\frac{K}{Y} \right)^{-\frac{\alpha}{1-\alpha}}$$

Facendo esta operación achan que o valor de A en Illa Prosperidade é 31,62 e en Illa Decadencia é 4,42, o 14% do de illa decadencia. É dicir, debido á diferenza na produtividade total dos factores a produtividade de Decadencia é o 14% da de illa decadencia.

Por tanto, os economistas de ICC poden concluír deste exercicio contábel que a produtividade de Decadencia é menor que a de Prosperidade tanto debido a que posúe un ratio capital-produto inferior como a que a súa produtividade total dos factores é tamén menor. Ademais, a importancia cuantitativa da diferenza na produtividade total dos factores é maior que a importancia cuantitativa da diferenza no

Figura 2: Contabilidade



³ Existen boas razóns para tomar este número, mais non veñen agora ao caso.

ratio capital-produto.

Primeiras explicacións

Os economistas de ICC saben que unha economía terá tanto mais capital en relación á súa produción canto maior sexa a fracción desta que destine ao investimento produtivo. A fracción da produción destinada ao investimento chámase taxa de investimento. Por tanto, están xa en condicións de tirar a súa primeira conclusión:

* Illa Decadencia é menos produtiva que Illa Prosperidade debido a que a súa **taxa de investimento** é menor.

Tamén saben os economistas da consultora que a produtividade total dos factores depende da tecnoloxía que se use na transformación dos insumos en produto. Tecnoloxías mais avanzadas lograrán obter mais produto da mesma cantidade de insumos. Por exemplo, con mellores técnicas de regadío poderemos obter mais tomates. Así que tiran a súa segunda conclusión:

* Illa Decadencia é menos produtiva que Illa Prosperidade debido a que usa **tecnoloxías** menos avanzadas.

Mais aínda, os economistas de ICC son ben conscientes de que a produtividade total dos factores non só depende da tecnoloxía usada mais tamén da eficiencia. A eficiencia é a eficacia coa cal se combinan tecnoloxía e factores produtivos (capital e traballo) para obter produto. As economías de Prosperidade e Decadencia fornécenlles dun exemplo. En Decadencia hai 20 traballadores dedicados a garantir a seguranza das granxas que non producen unha pinga de leite. En Prosperidade non hai ningún. Así que tiran unha terceira e última conclusión:

* Illa Decadencia é menos produtiva que Illa Prosperidade debido a que é mais **ineficiente**.

Dada a propia definición de eficiencia (a eficacia coa cal se combinan factores produtivos e tecnoloxía para obter produto), os economistas de ICC son conscientes de que o concepto é unha especie de caixón de xastre no que se inclúen todas as variábeis que inflúen na produtividade e que non son a tecnoloxía e o ratio capital-produto. Non lles estraña entón que a produtividade total dos factores sexa a principal variábel que explica a diferenza de produtividade entre Decadencia e Prosperidade, moito mais que o

ratio capital-produto. Comezan a caer na conta que a produtividade total dos factores é unha caixa negra que teñen que encher se queren comprender mais profundamente as causas da diferenza de produtividade entre Decadencia e Prosperidade.

As causas fundamentais

Á vista destes resultados o monarca de Decadencia fica medianamente satisfeito. Parécelle interesante a investigación feita polos economistas da consultora mais xórdenlle inquietantes interrogantes. Por que investimos menos? Por que usamos tecnoloxías menos avanzadas? Por que somos mais ineficientes? Os economistas de ICC inmediatamente perciben a importancia crucial destas cuestións. Só se son capaces de encontrar as respostas poderán deseñar as reformas que coloquen a Decadencia na senda da prosperidade. Teñen que encontrar os determinantes fundamentais da prosperidade.

Os economistas de ICC comezan unha exploración mais exhaustiva das economías de Decadencia e Prosperidade. As diferenzas entre ambas sociedades son mais profundas do que parecía á primeira vista. No cadro da páxina seguinte descríbense os factos que mais lle chamaron a atención. Unha vez realizadas todas estas observacións os economistas de ICC están xa en condicións de tirar unha conclusión definitiva. Non teñen outro remedio que concluír que:

* O atraso económico de Decadencia débese ás súas pésimas institucións, as normas que regulan as relacións políticas e económicas. As institucións de Illa Prosperidade incentivan o esforzo, a frugalidade e a eficiencia mentres que as institucións de Decadencia non o fan. Eis a razón do atraso económico de Decadencia.

As institucións establecen os incentivos que confrontan as persoas á hora de tomar as súas decisións. E así, estas fan que en Prosperidade sexa atractivo investir mentres que os cidadáns de Decadencia prefiran levar os seus aforros fóra, fan que os rapaces en Prosperidade queiran ser veterinarios mentres en Decadencia queren obter un posto na burocracia real, fan que en Prosperidade se adopten as tecnoloxías mais modernas mentres e Decadencia usan unhas menos produtivas,....

A difícil mudanza institucional

O rei de Decadencia recibe o informe dos economistas de ICC e pregúntalles que é o que pode facer para mellorar a situación da economía do seu reino. Os economistas dinlle que debería despedir á súa

Os atrancos á prosperidade de Decadencia

En Decadencia existe un **elevado arancel** á importación de muxidoras mentres que en Prosperidade non existe tal. O arancel en Decadencia foi introducido polo monarca co fin de beneficiar a unha empresa do seu curmán que producía muxidoras de peor calidade que as importadas. Debido aos elevados aranceis que soportaban as muxidoras de importación, as granxas de Decadencia non tiveron outro remedio que comprar as muxidoras nacionais (da empresa do curmán do rei) a pesar da súa menor produtividade na extracción do leite das vacas. En Illa Prosperidade usan muxidoras de importación, que son moito mais produtivas. En Prosperidade houbo certos intentos por parte do lobby de produtores nacionais de muxidoras de que o parlamento aprobase un arancel ás muxidoras de importación, porén a oposición dos produtores de leite evitou que esta lei prosperase no parlamento.

En Illa Decadencia existe un elevado número de **proscritos políticos** que están botados ao monte e teñen que roubar gando para sobrevivir. Os proscritos foxen da lei porque encabezaron unha revolución fracasada para abolir a monarquía e instaurar unha república parlamentar. Para protexerse dos roubos as granxas necesitan gardas de seguranza e escopetas, recursos destinados a un fin improdutivo (evitar o roubo) en vez de destinarse a un fin produtivo (producir leite). En Illa Prosperidade ninguén é perseguido por motivos políticos e non existen proscritos, así que tampouco hai roubos nin necesidade de gardas e escopetas e mais xente pode ser empregada na produción de leite. Por tanto, a eficiencia de Illa Prosperidade é maior que a de Illa Decadencia, pois utiliza os seus factores produtivos mais eficazmente.

As **multinacionais estranxeira non constrúen granxas** en Decadencia porque o rei expropiou hai tres anos as súas propiedades para poder pagar as súas débedas de xogo. Nunca tal aconteceu en Prosperidade. A seguranza xurídica que ofrece Illa Prosperidade atrae o investimento estranxeiro mentres que a inseguranza xurídica de Illa Decadencia espántao. Por este motivo, a taxa de investimento de Illa Decadencia é moito mais baixa que a de Illa Prosperidade. Ademais, os métodos de produción e prácticas de traballo das granxas propiedade das multinacionais son mais produtivos que os das granxas nacionais.

A **burocracia** en Illa Decadencia é enorme porque o rei ten enchufada toda a súa familia en traballos superfluos e improdutivos. En Illa Prosperidade non existe moita burocracia superflua porque os cidadáns castigan nas urnas ao goberno que xestiona moi deficientemente a res pública. Unha vez mais, Illa Decadencia está a usar mais ineficientemente os seus recursos que Illa Prosperidade.

Illa Decadencia necesita uns **elevados impostos** para manter a súa pesada burocracia e os gastos da corte real. En Illa Prosperidade os impostos permanecen baixo porque non hai que manter unha pesada burocracia e os cidadáns castigan nas urnas aos gobernos que soben os impostos. Por esta razón, os cidadáns de Decadencia prefiren abrir granxas en Illa Prosperidade que no seu propio país. Este é un motivo mais polo que Illa Decadencia exhibe unha taxa de investimento moito menor que a de Illa Prosperidade.

Os impostos en Illa Decadencia destináronse a construír un **suntuoso palacio** para o monarca. Porén, o parlamento de Prosperidade decidiu construír facultades de veterinaria. As atencións que os veterinarios de Prosperidade proporcionan á vacas nas granxas fan que estas produzan mais leite. En Decadencia non hai facultade de veterinaria e tampouco veterinarios. É unha das razóns polas cales as vacas dan menos leite. De novo, os recursos de Illa Decadencia están a ser aproveitados mais ineficientemente que os de Illa Prosperidade.

familia da burocracia, suprimir os aranceis aínda que o seu curmán saia prexudicado, amnistiar os proscritos, asegurar que nunca mais expropiará propiedades, vivir nun palacio mais modesto e baixar os impostos,...A cara do rei muda. Non lle gusta o que está a ouvir. Estas reformas poden ser boas para Decadencia, mais non para el.

Os economistas van mais alá nas súas propostas de reformas. Suxírenlle ao rei que o mellor que pode facer para que o seu país emprenda a senda da prosperidade é abdicar e dar paso a unha república parlamentar. Isto é o último que o rei está disposto a ouvir. Pide a factura e despide os economistas. Desde logo non pensa realizar as reformas que prexudiquen á súa familia e cuestionen o seu estilo de vida, e moito menos abdicar.

Na viaxe de regreso a casa os economistas reflexionan sobre a reacción do rei. Non poden menos que encontrala normal. As reformas que propuñan farían de Decadencia un lugar próspero no que a maioría da poboación melloraría a súa condición. Mais a mudanza xeraría algúns prexudicados, entre os que se encontrarían o rei e os seus familiares. É entón normal que se opuxese ás mudanzas. E mentres teña o poder ha tentar impedilas. Tal vez algún día os proscritos logren derrocar o rei e instaurar unha república parlamentar. Mais, quen o sabe.

- * As reformas institucionais necesarias para emprender o camiño da prosperidade atentan contra os intereses do monarca.
- * O monarca usará todo o seu poder para tentar bloquear as mudanzas institucionais a pesares de que estas mellorarían o destino da meirande parte dos seus súbditos.

3 Qué son as Institucións?

Podemos definir a insitucións como sigue:⁴

Definición As institucións son as regras do xogo nunha sociedade ou, mais formalmente, son as restricións elaboradas pola acción humana que determinan as interaccións humanas.


A definición consta de tres aspecto relevantes:

- As restricións son elaboradas pola acción humana, o cal as fai diferentes de outros factores tais como a xeografía ou o clima que están fora do control humano.
- Son as “regras do xogo” fixando “restricións” sobre o comportamento humano.
- Determinan as interaccións humanas e, por tanto, configuran o sistema de incentivos que confrontan as persoas.

Xa que as institucións son un determinante chave dos incentivos que confrontan as persoas entón deben ter un importante efecto sobre os resultados económicos: desenvolvemento económico, crecemento, desigualdade e pobreza.


Definición Un incentivo é algo que motiva a un individuo a realizar unha acción.

Figura 3: Institucións, incentivos e resultados



⁴ Esta é a definición que o premio Nobel de Economía Douglass S. North da no seu libro de 1990 “Institutions, Institutional Change and Economic Performance”

Figura 4: Institucións, incentivos e resultados no fútbol




Algúns exemplos de incentivos:

- O salario que cobra un empregado a fin de mes é un incentivo para ir a traballar.
- As notas que recibe nos seus exames é un incentivo para estudar.
- O cartón vermello que un futbolista recibe se comete unha falta violenta é un incentivo para xogar limpo.

As institucións constan de:

- **Restriccións formais** tais como regulacións, leis, consituicións,...
- **Restriccións informais** tais como normas de comportamento, convencións, códigos auto-impostos de conduta,...
- O **modo como se aplican** e se fan cumprir.

Figura 5: As institucións no fútbol



As institucións poden ser:

- **Políticas** en tanto regulan o exercicio do goberno (monarquía absolutista vs. República parlamentar) ou
- **Económicas** en tanto regulan as actividades económicas (os impostos, as regulacións urbanísticas, ...).

O obxectivo das institucións que favorecen a prosperidade debe ser:

- * Configurar a estrutura de incentivos que induza aos individuos a realizar o maior número posíbel de accións beneficiosas para o maior número posíbel de individuos ao tempo que realizan o menor número posíbel de accións prexudiciais para o menor número posíbel de individuos.

O obxectivo establecido implica que as accións deben ser:

- O maior número posíbel de accións.
- Accións beneficiosas para os demais.
- Para o maior número posíbel de individuos.

As funcións que cumpran as institucións deben estar orientadas a satisfacer o obxectivo establecido. Porén, antes de comezar a nosa análise das funcións que deben desenvolver as institucións é necesario clarificar o que é unha acción beneficiosa para os demais e o que é unha acción prexudicial. A esta tarefa está dedicada a próxima sección.

4

Procura de lucros vs. procura de rendas


Un axente económico pode dedicar os seus esforzos a producir algo útil para os demais ou a apropiarse do que pertence aos demais. A primeira dedicación coñécese como procura de lucros, mentres que a segunda recibe o nome de procura de rendas. Se a riqueza dunha sociedade for unha torta, podo comer mais apropiándome dun anaco mais grande –procura de rendas- ou podo agrandala, procura de lucros. O primeiro prexudica a terceiros pois impídelles comer torta, o segundo, redundando en beneficio propio, non prexudica a ninguén, mesmo beneficia a outros se poden comer un pouco do anaco adicional.⁵

Podemos clasificar as actividades humanas destinadas a obter ingresos en dous tipos, as actividades de procura de rendas e as actividades de procura de lucros:

Definición As actividades de **procura de rendas** son aquelas que están destinadas a transferir rendas duns individuos a outros.

Definición As actividades de **procura de lucros** son aquelas que resultan na produción de algo útil para os demais.

Figura 6: Actividades de procura de rendas e de procura de lucros



⁵ O concepto de procura de rendas establéceo G. Tullock, no seu artigo de 1967 “The welfare costs of tariffs, monopolies, and theft” publicado no *Western Economic Journal* (hoxe chamado *Economic Inquiry*).

Unhas institucións que favorezan as actividades de procura de lucros estimulan as persoas a dedicarse á produción de novos bens e servizos e a alocar os recursos a usos mais valiosos. En contraste, a procura de rendas son improdutivas e o, que aínda é peor, desincentivan a produción e dispendian recursos.

Como ilustran os exemplos da Figura 6 as actividades de procura de rendas poden ser tanto legais como ilegais. Entre as legais podemos citar: barreiras regulatorias, trabas burocráticas, gravames fiscais, litixios, cabildeo, concesións administrativas,...Entre as ilegais: corrupción, roubo, pagamento de diñeiro por protección,...

* As sociedades nas que as actividades de procura de lucros se vexan favorecidas fronte ás actividades de procura de rendas serán mais prósperas pois os axentes económicos procurando o seu propio interese destinarán os seus esforzos a satisfacer as necesidades dos demais.

As actividades de procura de rendas teñen dous efectos perniciosos sobre a produtividade:

* A procura de rendas desincentiva o investimento produtivo pois actúa como un gravame que reduce a rendibilidade dos investimentos ou unha traba que os imposibilita.

* A procura de rendas substitúe os investimentos produtivos pois os recursos destínanse á procura de rendas e a protexerse contra a mesma.

A procura de rendas como un gravame ao investimento: un exemplo

A mafia esíxelle un pagamento de 500 euros por protección a cada bar da capital de Illa Decadencia. Un bar que se abre na Praza Maior da capital produce uns lucros de 1000 euros e un que se abre nun barrio produce uns lucros de 100 euros. Como unha consecuencia, o montante do pagamento por protección fai que non sexa rendíbel abrir o bar no barrio da capital. E prodúcese unha transferencia de renda do propietario do bar da Praza Maior cara os mafiosos.

A procura de rendas como unha traba á adopción tecnolóxica: un exemplo

Un grupo de produtores nacionais de muxidoras en Illa Decadencia logran que se prohíba a impor-

tación de muxidoras foráneas que son tecnolóxicamente mais avanzadas e mais produtivas. As granxas de leite vense entón obrigadas a usar as muxidoras nacionais que son de peor calidade. O seu uso encarece os seus custos de produción e entón cobran mais caro o leite aos consumidores. O arancel ten entón como consecuencia impedir o investimento nunha nova tecnoloxía –a tecnoloxía incorporada nas muxidoras de leite foráneas– e permite unha transferencia de renda dos consumidores de leite cara os produtores nacionais de muxidoras.

A procura de rendas como un dispendio de recursos: un exemplo

A burocracia real de Illa Decadencia está sobredimensionada pois un elevado número de burócratas son completamente improditivos. Porén, están moi ben pagados. Un mozo de Illa Decadencia decide preparar unhas oposicións para cubrir un posto na administración en vez de estudar para veterinario. O tempo de estudo deste mozo está destinado a un fin improditivo e estase a dar unha transferencia de renda dos contribuíntes cara este mozo e os outros burócratas improditivos.

A procura de rendas como un dispendio de recursos: outro exemplo

En Illa Decadencia abundan os roubos de gando. Os propietarios de Illa Decadencia contratan entón gardas de seguraza para protexer as súas propiedades. Están entón destinando recursos a un fin improditivo tal como é o protexerse contra o roubo de gando. O roubo de gando e os custos de pagar aos gardas encarece os custos de produción do leite en Illa Decadencia e os produtores cobran o leite mais caro aos consumidores. Estase entón a producir unha transferencia de renda dos consumidores cara os ladróns de gando e os gardas de seguraza.

5 As funcións das boas institucións

Nesta sección describimos as funcións que teñen que realizar as institucións para crear un marco favorábel á prosperidade.

5.1 A pedra angular: protexer a propiedade

A función primordial das institucións que permitan emprender o camiño da prosperidade é:

- * Protexer a propiedade privada e garantir o cumprimento dos contratos.

Isto é o que moi a miúdo se chama seguranza xurídica e para o cal é indispensábel un marco xurídico anónimo e estábel aplicado por unha administración de xustiza independente e eficaz.

Protexendo a propiedade e garantindo o cumprimento dos contratos séntanse as bases da prosperidade por tres razóns:


- * Os individuos aprópianse dos rendementos das súas accións e isto é unha condición necesaria para que xeralmente os individuos teñan incentivos ao esforzo e á frugalidade, sustento ambos da prosperidade.
- * Favorécense os negocios ao reducir os custos transaccionais.
- * Dificulta as actividades de procura de rendas.

Para que os individuos se apropien dos rendementos do seus esforzos é condición indispensábel que a súa propiedade está debidamente garantida ao tempo que se respectan e cumpren os acordos libre e voluntarios. Por que hei ser frugal se os activos produto da miña poupanza poden ser facilmente expropiados por un goberno arbitrario e discrecional? Por que hei emprender un negocio se non teño garantía de que os meus clientes han pagar polos servizos prestados? Uns custos transaccionais moi elevados poden converter en improdutivo un negocio. Por exemplo, o comercio a longa distancia pode carecer de interese se os bandidos poden impunemente roubar as mercadorías transportadas. Unhas institucións

que garantan axeitadamente o cumprimento dos contratos reducen os custos dos conflitos comerciais entre as partes. Se os dereitos de propiedade están convenientemente protexidos e o cumprimento dos contratos garantido as actividades de procura de rendas serán pouco lucrativas e por tanto existirán escasos incentivos a emprendelas.

Por tanto, a protección da propiedade privada e a garantía do cumprimento dos contratos incentiva que os individuos realicen accións produtivas pois estes poden apropiarse dos rendementos das súas accións e, ao reducir os custos transaccionais, aumentan o seu rendimento. E non calquera tipo de accións, mais aquelas que beneficien aos demais pois estas son as que repercutirán nun rendimento positivo para aquel que as realiza xa que os individuos non estarán dispostos a pagar por accións que os prexudiquen, todo o contrario, desexarán castigalas. Así, neste contexto as actividades de procura de rendas non serán moi lucrativas.

Figura 7: Propiedade privada e contratos



Unha viaxe por África

Unha viaxe por África tamén pode axudar a comprender a importancia das institucións que protexen a propiedade privada e garanten o cumprimento dos contratos. Se visita algún país da África sub-sahariana observará que está cheo de emprendedores. Nada mais saír do aeroporto contemplará negocios en toda parte. Comercios de roupa, de comida, bares, barba-rías... Non parece ser a súa aversión ao esforzo ou aos negocios o que explica a súa pobreza. Agora ben, se un medita un ana-quiño sobre o tipo de negocios que observa, decatarse que todos eles teñen dúas características en común. Son todos nego-cios inmediatos no tempo e no espazo e que requiren pouco capital. Compro un prato de comida e pago. Unha froita e pago. Neste marco as institucións formais que garanten o cumprimento dos contratos teñen moi pouca importancia, non son neces-arias. Se non pago, o carnicero colle o diñeiro da miña carteira e, por riba, levo uns estacazos.

Porén, nestes países escasean os negocios afastados no tempo ou no espazo. O comercio a longa distancia é raro. Como podo estar seguro de cobrarlle a un comprador situado a mil quilómetros de distancia? O mercado de crédito estará moi pouco desenvolvido. Como podo emprestar diñeiro a alguén que mo ha devolver dentro de dous anos? Para que este tipo de mercados florezan son precisas institucións que penalicen o incumprimento dos contratos. A estaca xa non abonda. Necesítan-se leis, policía, xuíces,... Tampouco han abondar os negocios que requiran fortes investimentos. Como vou investir unha forte suma de diñeiro se a discrecionalidade das autoridades pode caprichosamente expropiar o meu negocio ou se todo se pode ir ao traste por mor dunha guerra civil ou unha revolución? Ante tanta incerteza non compensa acumular activos cuxa propieda-de pode ser doadamente arrebatada. Necesito institucións que protexan a miña propiedade. Por iso nestes países escasea a frugalidade e o investimento.

Capitalismo vs. Socialismo

O fracaso dos réximes de socialismo planificado ilustran a importancia das institucións que definan claramente os dereitos de propiedade e os defendan. As razóns do fracaso dos réximes socialistas non son ningún misterio. E están por riba do chamado socialismo real ou a pretendida mala implementación que se teña feito das ben intencionadas ideas socialistas. Son problemas de fondo

A planificación estatal da economía implica que burócratas necesariamente mal informados deciden a afectación de recursos. E, aínda que se lles presupoña ben intencionados, é literalmente imposible coñecer todos os desexos e necesidades de todos os axentes económicos. Isto leva a que escaseen produtos desexados pola poboación ao tempo que se producen mercadorías que ninguén desexa. Serva un exemplo. Na Unión Soviética unha fábrica tiña por obxectivo producir un determi-nado peso de cravos. Para facilitar a súa consecución orientou a súa produción a cravos moi grandes, tan grandes que a nin-guén servían de nada.

A carencia de propiedade privada provoca a ausencia de incentivos, tanto para administradores como traballadores. Como os axentes non son remunerados en función dos rendementos das súas accións, non teñen incentivos a minimizar cus-tos, aplicar novas tecnoloxías, mellorar a calidade dos produtos, asistir ao traballo, esforzarse,... Había unha piada na Unión Soviética na que alguén preguntaba polo número de persoas que traballaban nunha empresa e alguén respondía que arredor da metade.

Nas economías de mercado o problema de coordinación e incentivos dos actores económicos resólveno os prezos. Estes son os sinais da escaseza e transmiten toda a información que un axente precisa para tomar as súas decisións, así, as economías de mercado son moi pouco custosas informacionalmente. Os prezos tamén remuneran aos axentes polo valor que as súas accións renden á comunidade e, así, establecen os incentivos necesarios para a prosperidade de xeito que a persecu-ción do interese particular redunde no benestar social. Certamente non sempre os prezos realizan correctamente estas tare-fas informacionais e de incentivos. Non é así se existen os chamados fallos de mercado. Mais, xeralmente, os prezos transmiti-rán con corrección abondo os sinais de escaseza e incentivos.

5.2 Non impor barreiras ao comercio

As institucións non debe impor barreiras ao comercio libre e voluntario entre os individuos limitando innecesariamente o tamaño do mercado. Se impoñen trabas están a impedir que as interaccións humanas libres e voluntarias xeren todo o seu potencial. En particular, non deben impor atrancos ao comercio internacional.

Un maior tamaño de mercado fomenta a prosperidade dunha nación por varias razóns:

- * Facilita a especialización produtiva nas tarefas en que os individuos son relativamente máis eficientes e permite aproveitar todas as posibles ganancias da troca.

Supoña dous países. O país A ten 100 traballadores. As condicións climáticas do país A permiten que un traballador produza anualmente 1 tonelada de arroz ou 2 toneladas de trigo. O país B ten 100 traballadores. As condicións climáticas do país B permiten que un traballador produza anualmente 2 toneladas de arroz ou 1 tonelada de trigo. Supoña que os dous países viven na autarquía. Tanto o país A como o país B deciden dedicar a metade dos seus traballadores a producir arroz e trigo. Entón, o país A producirá anualmente 50 toneladas de arroz e 100 de trigo. O país B 100 de arroz e 50 de trigo. Supoña agora que os dous países comercian entre eles. O país A podería especializarse na produción de trigo e producir anualmente 200 toneladas de trigo e o país B podería especializarse na produción de arroz e producir anualmente 200 toneladas de arroz. Trocando trigo por arroz a razón de un kilo de arroz por un de trigo cada país podería consumir anualmente 100 kilos de arroz e 100 kilos de trigo. Por tanto, a especialización produtiva e o comercio internacional permiten que os dous países saian gañando a respecto da situación autárquica.

- * Permite o acceso a máis ideas susceptibles de ser imitadas e adoptadas e a unha maior variedade de recursos produtivos, o cal repercute positivamente na produtividade dunha sociedade.

Supoña que o país A está poboado por 10000 individuos mentres que o país B está poboado tan só por 1000 individuos. Supoña que cada individuo pode realizar con probabilidade $\frac{1}{2}$ unha innovación tecnolóxica que repercutirá positivamente na produtividade. Supoña que os dous países están illados. No país A realizaranse 5000 innovacións produtivas e no país B 500 innovacións produtivas.⁶ O país A entón

⁶ Supondo que as probabilidades de innovar son independentes entre os individuos o resultado é unha consecuencia aproximada da lei dos grandes números

será tecnoloxicamente máis avanzado e máis produtivo (dispón de 5000 innovacións) que o País B (dispón só de 500 innovacións). Supoña agora que os dous países entran en contacto e poden adoptar libremente as innovacións realizadas en ambos países. Nestas circunstancias ambos países disporán de 5500 innovacións e serán máis produtivos que na situación autárquica.⁷

O tamaño importa: a fortuna de Eurasia

Os lazos descritos entre tamaño e innovación e adopción tecnolóxica permiten explicar tanto porqué pequenas comunidades que fican illadas, como aconteceu nalgunhas illas do Pacífico, caen no estancamento tecnolóxico como porqué os europeos conquistaron América e non os amerindios Europa. Os Europeos estaban inmersos nunha unidade económica ampla (Eurasia) mentres que América era unha unidade económica máis pequena. O maior tamaño do espazo xeo-climático euroasiático permitiu que, logo dun longo proceso histórico de acumulación e difusión de coñecementos tecnolóxicos, Eurasia fose máis avanzada tecnoloxicamente que América. Así, coas súas espadas de aceiro (e os seus xermes) os europeos puideron someter con relativa facilidade aos aborixes americanos. Esta tese está extensamente argumentada no libro de 1997 do académico norteamericano Jarred Diamond “ Guns, Germs and Steel: the Fates of Human Societies” editado por Norton e que gañou o Premio Pulitzer no ano 1998.


Como Eurasia era máis grande que América entón estaban dispoñíbeis máis especies vexetais e animais susceptíbeis de seren domesticadas. Por exemplo, os grandes mamíferos domésticos son na súa maior parte orixinarios de Eurasia (os cabalos, os porcos, as vacas, as ovellas e as cabras). As especies animais e vexetais domesticáronse en diferentes partes de Eurasia e desde a súa orixe difundíronse por toda Eurasia. A orientación este-oeste de Eurasia permitiu difundir as técnicas agrícolas e as especies vexetais e animais útis para toda unha ampla zona de clima relativamente semellante. A existencia de cultivos e animais domésticos permitiu que a produción de alimentos fose máis eficiente, que aumentase a densidade de poboación e que aparecesen civilizacións avanzadas. Neste contexto as innovacións tecnolóxicas intensificáronse en diferentes lugares de Eurasia e logo difundíronse por todo o espazo euroasiático. Por último, o contacto con un numeroso grupo de animais domésticos e a elevada densidade da poboación posibilitou a transmisión de xermes infecciosos dos animais aos humanos e entre os propios humanos. Co paso do tempo os euroasiáticos inmunizáronse en parte contra estes axentes infecciosos. Non así os amerindios que coa chegada dos primeiros europeos comezaron a caer como moscas a consecuencia das doenzas infecciosas.

* Fornece de maiores posibilidades de amortizar os custos fixos, facilitando así a innovación.

Frecuentemente os innovadores -aqueles que producen novas ideas que permiten mellorar a tecnoloxía e a produtividade- deben incorrer en elevados custos para lograr a súa innovación antes de poder comercializala. Un maior tamaño de mercado incrementa as posibilidades dos innovadores de recuperar estes custos. Así, os incentivos a innovar son maiores. Un exemplo. Se o custo de producir o novo álbum de Justin Bieber fose de 100.000 euros e só o puidese vender en Honduras non sería capaz de recuperar o

⁷O lazo entre tamaño e innovación púxoo de manifesto o economista Michael Kremer no seu artigo de 1993, “Population Growth and Technological Change: One Million B.C. to 1900” publicado no Quarterly Journal of Economics.

Figura 8: Ausencia de trabas ao comercio



diñeiro investido. De ser así, non tería incentivos a producir a súa música e non poderíamos gozar da mesma. Porén, se o puidese vender en todo o mundo podería recuperar o investimento. Neste caso, produciría a súa música e moitas adolescentes en todo o mundo serían un pouco mais felices.

* Intensifica a concorrencia e así incentiva a eficiencia.

Se as empresas dun país están protexidas da concorrencia internacional por medio de aranceis ou outros instrumentos proteccionistas entón poderán sobrevivir aínda sendo menos produtivas que os seus potenciais competidores externos. Cando as medidas proteccionistas son abolidas, se queren manterse no mercado non teñen mais remedio que mellorar a súa produtividade adoptando as técnicas mais eficientes ou desaparecer e ser substituídas polas estranxeiras.

En definitiva, contar cun conxunto de institucións que non traben os acordos libre e voluntarios permite que os individuos podan realizar un maior número de accións beneficiosas para un maior número

ro de individuos aumentando así os rendementos de tais accións e que as accións que non repercutan en beneficios para os outros sexan castigadas mais intensamente por mor da maior concorrencia. Este esquema de incentivos favorece o desenvolvemento económico pois incentiva a especialización produtiva e favorece a innovación, a dopción tecnolóxica e a eficiencia.

5.3 Reducir o risco

O risco é inimigo dos negocios pois a posibilidade de que o esforzo realizado fiquen sen recompensa desincentiva o mesmo.

Supoña que pode realizar un investimento nun país A ou nun país B. No país A o seu investimento produce con probabilidade 1 un rendemento de 100 euros, mentres que no país B o seu investimento produce con probabilidade $\frac{1}{2}$ un rendemento de 200 euros e con probabilidade $\frac{1}{2}$ un rendemento de 0 euros. O rendemento esperado do investimento en ambos países é de 100 euros, porén un investidor que sexa adverso ao risco, o cal sería o usual, preferirá investir no país A pois obtén o mesmo rendemento esperado que no país B, mais con certeza. Por tanto, no país A hase investir mais que no país B.

* Garantir a propiedade privada e o cumprimento dos contratos é unha condición básica para limitar o risco.

De non ser así o risco de non recuperar os froitos dun investimento será moi elevado ben porque existen moitas posibilidades de que alguén nos prive das nosas propiedades ben porque existen moitas posibilidades de que alguén non faga fronte aos compromisos contraídos.

* Unha fonte importante de incerteza introdúcea a propia administración do Estado se actúa discrecional e arbitrariamente ou se muda frecuentemente o entorno regulatorio.

Supoña que alguén pode estar a pensar en abrir un bar. Será rendíbel se o concello mantén a lexislación que permite ter a terraza despregada ata as dúas da mañá, mais se o ano que ven chega un novo alcalde que muda a lexislación impondo o feche das terrazas a media noite o bar non será rendíbel. Nun país no que os novos alcaldes teñan o vicio de mudar drasticamente as regras do xogo non será moi atractivo abrir bares. Se nun concello existe unha maraña de lexislación regulando o funcionamento dos bares, probabelmente abrir bares non sexa un negocio rendíbel a menos que as autoridades fagan a vista gorda sobre o cumprimento de moitas destas regulacións. Porén, sempre poderán, chegado o momento,

exixir o seu cumprimento. Ou poderán aplicarlle as regras a uns e non a outros. A incerteza xerada ameazará a viabilidade económica dos bares. Así, este entorno de aplicación regulatoria discrecional e arbitraria desincentivará a abertura de novos bares.

* Para minimizar o risco é preciso un entorno macroeconómico de estabilidade tanto fiscal como monetaria.

Unha política monetaria errática converte en mais arriscados os investimentos pois incrementa a incerteza do seu rendemento real ao incrementar a volatilidade da taxa de inflación e a taxa de troca dunha moeda.


Supoña que un investimento de 100 euros lle ha proporcionar no futuro 110 euros. Entón a taxa de rendemento nominal do seu investimento será do 10%. Supoña que con probabilidade $\frac{1}{2}$ a taxa de inflación será do 5% e con probabilidade $\frac{1}{2}$ a taxa de inflación será do 10%. Entón, a taxa de rendemento real (taxa de rendemento nominal (10%) menos a taxa de inflación (5% ou 10%)) será do 5% con probabilidade $\frac{1}{2}$ e do 0% con probabilidade $\frac{1}{2}$. É dicir, a volatilidade da taxa de inflación tradúcese en volatilidade da taxa de rendemento real do investimento.

A política monetaria é un dos principais determinantes da taxa de inflación. Así, unha política monetaria errática traducirase nunha taxa de inflación volátil, o que fará dificultoso predicir o rendemento real dos investimentos. As políticas monetarias erráticas tamén se han traducir nunha gran volatilidade da cotización da moeda nacional nos mercados de divisas. Volatilidade que tamén dificultará a predición da taxa de rendemento real dun investimento.

Un excesivo endebedamento do sector público ha incrementar o risco de investir xa que se incrementa a probabilidade de que no futuro os impostos suban para facer fronte ás débedas do sector público. Unha elevada débeda pública ha tamén traducirse nunha maior tentación dos gobernos de recorrer ao seu financiamento mediante a emisión de diñeiro, o cal ha crear tensións inflacionistas que se traducan nun aumento da incerteza sobre o rendemento real dos investimentos.

Supoña que o déficit público é reducido, do 1% do Produto Interior Bruto. Nesta situación as empresas saben que non lle han subir o imposto de sociedades porque coas taxas actuais o Estado ha ter abondo para pagar as súas débedas. Porén, se o déficit público é elevado, do 10% do Produto Interior Bruto, entón con probabilidade $\frac{1}{2}$ o crecemento económico é elevado e o Estado non necesita subir o im-

Figura 9: Redución do risco



posto de sociedades para pagar as súas débedas, mais con probabilidade $\frac{1}{2}$ o crecemento económico é débil e no futuro o Estado deberá subir o imposto de sociedades ás empresas para poder facer fronte ás súas débedas. Existe agora unha maior incerteza sobre a rendibilidade dos investimentos, o cal desincentivará os mesmos.

* Os conflitos redistributivos son tamén unha importante fonte de risco.

As presións redistributivas introducen incerteza por dúas razóns. En primeiro lugar, fomentan a inestabilidade política proveniente da loita dos diferentes grupos polo poder. Neste contexto unha guerra pode destruír as fábricas, unha revolución expropialas ou unha mudanza de goberno inducir un profunda alteración das normas e regulacións. En segundo lugar, favorecen os atentados contra a propiedade, que son moito a miúdo o intento das persoas pobres de redistribuír os recursos a través de vías á marxe do sistema.

Frecuentemente, a causa dos conflitos redistributivos é a desigualdade na distribución da renda e

tamén a diversidade étnica. Polo contrario, unha forza que tende a diminuír os conflitos redistributivos é a mobilidade económica, o movemento de persoas dunha parte da distribución da renda a outra. Un maior grao de mobilidade económica pode moderar o desexo de redistribuír a renda. Unha persoa que se encontra no extremo inferior da distribución da renda e que saiba que os seus fillos teñen moitas posibilidades de ascender no mundo, terá moito menos interese na redistribución da renda que unha persoa que saiba que os seus fillos tamén permanecerán no extremo inferior da distribución da renda.

5.4 Non conceder privilexios legais

Se o Estado concede privilexios legais a un grupo de individuos e non a outros estes usarán estes privilexios para levar a cabo actividades de procura de rendas que terán as consecuencias perniciosas sobre o desempeño económico descritas con anterioridade na Sección 4.

* As leis, normas e regulacións estatais son usadas moi a miúdo para desenvolver actividades de procura de rendas pois teñen o fin –ou cando menos son usadas co fin- de beneficiar a políticos, burócratas ou a certos axentes económicos ao amparo do poder.⁸

Existen infinidade de exemplos, desde concesións a contratos públicos de todo tipo. Un exemplo. En 1996 a Archer Daniels Midland Company (ADM) presionou a administración Clinton para que obrigase a producir o etanol a partires do millo. Conseguiuno. Podíase producir tamén a partires doutros cereais, das patacas ou doutras moitas cousas. Mais o conto é que ADM tiña o monopolio case total da produción de etanol a partires do millo, polo que a regulación aumentou moito os seus lucros.

* Unha das grandes ameazas á prosperidade dunha sociedade é que os grupos de presión sempre han tentar manipular as institucións no se propio beneficio para así obter rendas.

Uns grupos de presión quererán aranceis, outros unha subvención e aínda outros licenzas de entrada na súa industria. Na medida en que as súa reivindicacións se plasmen en leis, normas e regulacións

⁸ Este uso ineficiente do poder regulatorio por un goberno que persigue os seus propios fins está na liña do preconizado pola Teoría da Elección Pública. O artigo de George J. Stigler “The Theory of Economic Regulation” publicado en 1971 na revista Bell Journal of Economics and Management Science é unha referencia clásica. A regulación pública da economía pode ser eficiente se contribúe a paliar algún dos posíbeis fallos do mercado. Esta teoría do interese público da regulación desenvolveuna o economista Arthur C. Pigou xa no ano 1938 no seu libro “The Economics of Welfare”. As regulacións medioambientais ou as leis anti-monopolio son algún exemplos de regulacións que tentan resolver ineficiencias dos mercado (outra cousa é que realmente o consigan).

desincentivarán a acumulación e a innovación. Moi a miúdo, as regulacións estatais só son expresión dos intereses dun grupo de presión. Toda a maraña de regulacións en favor dos diferentes grupos de presión poden acabar por asfixiar unha economía.⁹

Estado e procura de rendas

Algúns articulistas teñen expresado na prensa a súa preocupación polas actividades de procuras de rendas que proliferan nalgúns países ao abrigo do Estado. Eis algúns exemplos.

“Italia es un país bloqueado por castas, reglas, pequeñas y grandes jaulas pensadas para proteger a los que están dentro, pero que han acabado atrapando a todo el país. En cada actividad económica, Italia está bajo el dictamen de colegios profesionales, licencias y otras formas burocráticas que limitan el acceso y que definen las reglas de funcionamiento: desde los abogados hasta los taxistas, pasando por los ingenieros o arquitectos.” Irene Tinagli Profesora de Economía na Universidade Carlos III de Madrid en La Vanguardia de 30 Outubro 2011.

“El principio básico organizacional de la sociedad griega siempre ha sido el clientelismo, un sistema en el que se presta apoyo político a cambio de beneficios materiales. En esta situación, se vuelve primordial el papel del Estado como el principal proveedor de rentas para diversos grupos e individuos. El historiador griego Kostas Vergopoulos, de tendencia izquierdista, dice que "la estructura fundamental de Grecia nunca ha sido la sociedad civil, sino el Estado. Desde mediados del siglo XIX no se puede hacer nada en Grecia sin la mediación del Estado". Takis Michas, periodista griego del matutino Eleftherotypia, en EL Economista do 10 de xuño de 2010.

“En lo que sigue, argumento que la clase política española ha desarrollado en las últimas décadas un interés particular, sostenido por un sistema de captura de rentas, que se sitúa por encima del interés general de la nación. En este sentido forma una élite extractiva, según la terminología popularizada por Acemoglu y Robinson. Los políticos españoles son los principales responsables de la burbuja inmobiliaria, del colapso de las cajas de ahorro, de la burbuja de las energías renovables y de la burbuja de las infraestructuras innecesarias.” César Molina, economista en El País de 10 de Setembro de 2012.

“Al calor de la corte se desarrolló en España un capitalismo castizo, mal llamado capitalismo financiero, basado en la captura de rentas y en la proximidad al poder, que es típicamente madrileño y que sigue siendo hoy día la forma de capitalismo dominante en nuestro país.... Las grandes empresas españolas que se han convertido en globales -Telefónica, Banco Santander, Repsol, BBVA...- son todas ellas empresas reguladas que, independientemente del éxito obtenido en la captura de sus respectivos reguladores, demasiado grande en todos los casos, acaban dependiendo del BOE. No pocos de sus actuales dirigentes han sido propiciados por el Gobierno de turno, práctica esta que me temo que continuará en el futuro próximo. En cualquier caso, estas empresas constituyen la versión más evolucionada y homologable del capitalismo castizo. Otro grupo de empresas que se ha internacionalizado mucho, quizá haciendo de la necesidad virtud, son las grandes constructoras de obra civil. No están reguladas, pero dependen del BOE más que nadie. “ César Molina, economista en El País 4 de marzo de 2012.

* A razón pola cal os grupos de interese trunfan moi a miúdo nas súas reivindicacións é que os beneficios das leis, regulacións e políticas estatais están concentrados e os seus custos moi dispersos.

⁹ Sobre esta ameaza alerta Mancur Olson no seu libro póstumo “Power and Prosperity. Outgrowing Communist and Capitalist Dictatorships” editado no ano 2000 por Basic Books.

Os beneficiados ao ser un grupo reducido teñen interese en coordinarse e actuar conxuntamente como un grupo de presión para defender os seus intereses. Porén, a grande masa de prexudicados non terán moito interese en coordinarse e actuar conxuntamente porque o custo da política que repercute en cada un deles é moi pequeno. Tan pequeno que non compensa os custos da coordinación.¹⁰

Regulación e corrupción

Ademais, a proliferación de regulacións estatais é o xerme da corrupción pois abre a porta a que burócratas e políticos as manipulen, aproveitándose da súa complexidade e da dificultade que para os axentes supón o seu cumprimento, que se verán abocados a esbanxar recursos en zafar da mesmas.

Como mostran S. Djankov e outros autores no artigo “The Regulation of Entry” publicado no ano 2002 en The Quarterly Journal of Economics, as economías mais reguladas tenden a ser mais corruptas, con mais economía submerxida e menos democráticas. Ademais, tamén comprobaron que os países con mais regulacións non tiñan menos contaminación, produtos de maior calidade ou niveis de saúde mais altos. Esta evidencia empírica apoia a tese de que a regulación pública ten como misión principal capturar rendas.

O libro do ano 1989 “The Other Path” escrito por Hernando de Soto é xa todo un clásico no relativo aos lazos entre regulación, corrupción e apropiación de rendas polos burócratas. Neste libro Hernando de Soto relata a experiencia levada a cabo no ano 1983 de abrir unha pequena fábrica téxtil nas aforas de Lima (Perú). Para poder abrir a fábrica confrontaron 11 requisitos oficiais para o que necesitaron 289 xornadas de traballo. Tiveron que pagar dous subornos (pedíronlles dez). Hernando de Soto e a súa equipa de investigación estimaron que o custo de iniciar un pequeno negocio en Perú equivalía naquel entón a 32 veces o salario mensual de sobrevivencia.

O Banco Mundial ten dispoñíbel en internet unha base de datos con medidas de regulacións económicas que afectan ás empresas locais en 185 países e tamén nalgunhas cidades seleccionadas a nivel nacional (www.doingbusiness.org).

Supoña que a introdución dun arancel beneficia a 10 produtores nacionais de queixos. Grazas ao arancel poden pór prezos mais altos polos seus produtos e obter 1000 euros adicionais de lucros cada un. Por tanto, un total de 10.000 euros que gañarían os produtores e perderían os consumidores ao ter que pagar prezos mais altos polos queixos. Supondo que os consumidores son 10.000 e que cada un compra un queixo entón o custo do arancel para cada consumidor será de 1 euro. Tanto a consumidores como a produtores coordinarse cos demais para defender os seus intereses presionando ao goberno para que introduza ou non introduza o arancel cústalles 10 euros a cada un. Nestas circunstancias os produtores encontrarán interesante montar un grupo de presión destinando recursos (unha parte dos 10.000 euros de renda que obterían coa introdución do arancel) para influír no goberno, mentres que os consumidores non farán nada. Así, é moito mais probábel que o arancel acabe introducíndose.

¹⁰ Esta é a tese de Mancur Olson no seu libro “The Logic of Collective Action: Public Goods and the Theory of Groups” publicada por Harvard University Press no ano 1965

* As regulacións estatais que conceden privilexios legais a un grupo de individuos conceden a estes a posibilidade de bloquear a adopción de mellores métodos de produción e das mellores prácticas de traballo.

Introducir unha mellor práctica de traballo ou un mellor método de produción pode mellorar a produtividade, mais non necesariamente todo o mundo vai saír gañando. Os perdedores probabelmente tenten oporse á introdución da práctica eficiente. A súa capacidade para lograr o seu obxectivo dependerá en grande medida do poder que lle concedan as institucións, é dicir, das leis, normas e regulacións estatais.¹¹

Supoña que nun hospital hai dous médicos: Afonso e Susana. Susana chega todos os días á súa hora a traballar e produce todos os días 1000 euros de servizos sanitarios. A Susana chegar á hora a traballar supónlle un custo de 100 euros. Afonso chega todos os días tarde e produce servizos sanitarios por valor de 500 euros. A Afonso chegar á hora a traballar supónlle 300 euros de custo. Os dous repártense a partes iguais o valor da produción total (1500 euros) e así cada un recibe 750 euros. O excedente que obtén cada un desta actividade é a súa remuneración menos o custo que lle supón ir traballar. Así, o excedente que obtén Susana é 650 euros e o que obtén Afonso é de 750 euros. Supoña agora que a dirección do hospital introduce unha nova práctica de traballo: os dous médicos deben fichar á hora de entrar. Se non chegan á hora serán despedidos. Ningún dos dous quere ser despedido. Entón ambos chegarán á hora e cada un producirá servizos sanitarios por valor de 1000 euros. Como antes, os dous repártense o valor da produción (2000 euros) a partes iguais. O excedente que obtén Afonso agora é de 700 euros e Susana tamén obtén un excedente de 700 euros. Como ilustra o exemplo non chegar á hora por parte de Afonso é unha actividade de procura de rendas pois estase apropiando de 50 euros da renda de Susana. Tamén ilustra o exemplo que a nova práctica de traballo é eficiente, prodúcese un excedente total de 1400 euros (2000 euros de valor total da produción menos 600 euros de custos totais), mentres que antes o excedente total era de 1100 euros (1500 euros de valor da produción total menos 400 euros de custos totais). Porén, non todos saen beneficiados, Afonso sae prexudicado coa nova práctica de traballo e Susana sae beneficiada. Afonso tentará oporse á introdución da nova práctica de traballo. E as regulacións estatais poden facilitarlle esta tarefa. Supoña que unha norma estatal obriga a indemnizar a Afonso cunha elevada suma de diñeiro en caso de despedimento. Afonso podería seguir chegando tarde facendo caso omiso ás instrucións da dirección do hospital que non o despediría por mor do elevado custo do despedimento. Afonso entón de facto bloquearía a introdución da nova práctica de traballo.

¹¹ Stephen L. Parente e Edward C. Prescott argumentan no seu libro de 2001 “Barriers to Riches” editado por The MIT Press que esta é a principal explicación das diferenzas de produtividade entre países.

O proceso de progreso tecnolóxico -como moi ben sinalou un dos mais influentes economistas do século XX, Joseph Schumpeter- é un proceso de destrución creativa. O cal quere dicir que as novas tecnoloxías frecuentemente implican a obsolescencia das vellas. Por exemplo, o ordenador tornou obsoletas as máquinas de escribir. Este proceso de destrución creativa implica que os propietarios das vellas e obsoletas tecnoloxías perden as súas rendas como consecuencia da introdución das novas tecnoloxías. Consecuentemente, farán todo o que estea nas súas mans para impedir a entrada no mercado dos propietarios das novas tecnoloxías.

Oporse á introdución de novas e mais eficientes tecnoloxías é tamén unha actividade de procura de rendas. Supoña que os propietarios da vella tecnoloxía poden producir unha unidade dun ben por 2 euros e os propietarios das novas tecnoloxías poden producir o mesmo ben a un custo unitario de 1 euro. O prezo dunha unidade de ben é igual ao seu custo de produción. Se os propietarios das vellas tecnoloxías logran bloquear a introdución da nova tecnoloxía entón estanse a apropiar de 1 euro de renda do consumidor por cada unidade vendida pois cobran 2 euros por cada unidade que podería ser producida e vendida por 1 euro.

Bloqueo tecnolóxico

Hai moitos exemplos na historia de tentativas de bloqueo de novas tecnoloxías mais ou menos exitosas. En 1453 Johannes Gutenberg inventou a imprenta de tipo móbil. Esta invención tornou obsoleta unha tecnoloxía mais antiga: a copia de libros a man. A subsistencia dos amanuenses estivo entón en perigo. Este tentaron bloquear a introdución da nova tecnoloxía. Así, o gremio de amanuenses de París logrou retrasar a introdución da imprenta na súa cidade durante vinte anos. Tamén se resistiron á imprenta os calígrafos islámicos e a casta brahmin da India. Esta historia –e outras moitas- sobre a evolución da tecnoloxía poden encontrarse no libro de Joel Mokyr “The lever of riches: technological creativity and economic progress” publicado no ano 1990 por Oxford University Press

Como ilustran os exemplos anteriores o bloqueo da adopción de mellores métodos de produción e das mellores prácticas de traballo pode asumir diferentes formas. Ademais, as regulacións estatais poden dar poder para realizar con bo suceso este bloqueo a certos axentes ou grupos de axentes económico.

* As regulacións estatais poden evitar que as empresas muden a mellores prácticas de traballo ou métodos de produción.

As regulacións estatais frecuentemente xogan o papel de aumentar a capacidade dalgúns axentes económicos para impedir estas mudanzas. Por exemplo, as regulacións que explicitamente prohiben ou dificultan as reducións de emprego ou a realocación de tarefas, a sanción estatal das greves, as indemnizacións por despedimento e, cando a mudanza na práctica de traballo require o uso de maquinaria importada, o Estado pode negar licenzas de importación.

* As regulacións estatais poden protexer a industria da entrada de novas empresas que usan métodos mais produtivos.

Tamén aquí as regulacións estatais poden xogar un importante papel. O Estado pode protexer a industria interna da concorrència externa impondo altos aranceis, impondo cotas á importación e prohibindo a repatriación de lucros. O Estado tamén pode evitar a entrada nunha industria requirindo licenzas para entrar ou para expandir a produción e subsidiando as empresas existentes. Un xeito aínda mais radical que posúe o Estado para evitar a entrada de novas empresas é instaurando monopolios estatais na produción dalgúns bens e servizos.

* As regulacións estatais poden conceder a capacidade a un grupo de individuos de bloquear a introdución de novas tecnoloxías.

En particular, as leis de propiedade intelectual, que conceden un dereito de monopolio ao propie-

A diferente experiencia xaponesa e hindú na industria téxtil

Entre 1920 e 1938 a produtividade da industria téxtil xaponesa incrementou nun 120% mentres que no mesmo período a produtividade da industria téxtil hindú aumentou só un 40%. Este incrementos de produtividade non foron debidos a compra de mais ou mellor maquinaria. Foron debidos a que se implementaron mudanzas organizacionais que efectivamente incrementaron o número de máquinas operadas por traballador. Na India a produtividade aumentou menos que en Xapón porque as mudanzas nas prácticas de traballo mudaron menos.

Na India os traballadores tiveron capacidade para bloquear as mudanzas organizacionais e resistiron con éxito os intentos dos patróns de incrementar o número de máquinas operadas por traballador. Opúñanse por medo a que se reducise o emprego. Porén os traballadores xaponeses non se resistiron. Os traballadores hindús usaron as greves como mecanismo para oporse ás mudanzas. Houbo mais de mil no sector téxtil hindú no período de entreguerras.

As greves dos operarios téxtiles hindús tiveron bo suceso porque gozaban da protección estatal. Ademais, cando a ineficiente industria téxtil hindú sufriu a ameaza da concorrència externa, o goberno hindú reaccionou incrementando os aranceis aos téxtiles de importación. Os traballadores xaponeses non gozaron da protección estatal nas súas greves. A única gran greve téxtil xaponesa no período foi rápidamente desfeita porque o Estado non impediu que os patróns despedisen aos grevistas.

tario dunha tecnoloxía, son usadas moi a miúdo para bloquear a introdución de novas tecnoloxías. Por iso, aínda que tal vez en ocasións estas leis sexan necesarias para incentivar a innovación en certos sectores, non se debe esquecer de que poden ter efectos perniciosos para o progreso tecnolóxico e o crecemento.

Propiedade intelectual e bloqueo tecnolóxico

As leis de propiedade intelectual tamén foron (e son) utilizadas para bloquear a adopción de novas tecnoloxías. Desde hai moito tempo. James Watt inventou a máquina de vapor no 1764. En xaneiro de 1769 obtivo a patente do seu invento logo de dedicar seis meses en Londres a conseguila. No 1775 grazas ás conexións do seu socio Boulton no Parlamento británico conseguiu estender a súa patente ata o 1800. E en 1782 servíndose de novo das súas conexións no parlamento logra unha patente adicional. No 1781 Jonathan Hornblower deseñou unha máquina de vapor superior à de Watt. Boulton e Watt foron contra el con toda a forza do sistema legal. Watt morreu sendo un home rico, mais o custo da batalla legal custoulle a Hornblower o ter que fechar o seu negocio, a ruína e o cárcere. Mentres a patente de Watt estivo en vigor, a difusión na actividade produtiva da máquina de vapor foi moi escasa e as melloras da mesma foron irrelevantes. Cando a patente de Watt expirou alá polo 1800, a difusión do seu invento foi rapidísima e a máquina de vapor foi amplamente modificada e mellorada. Michelle Boldrin e David Levine contan esta historia un pouco mais polo miúdo no seu libro “Against Intellectual Property” publicado no ano 2008 por Cambridge Universtiy Press. Os autores toman a historia do libro “Capital and Steam Power” de John Lord publicado no ano 1923 por London e do libro “ James Watt” escrito no 1905 por Andrew Carnegie e publicado por Doubleday, Page & Company en Nova York.

Por tanto, xa desde o inicios da Revolución Industrial podemos encontrar exemplos de como as leis de propiedade intelectual fomentaron as actividades improdutivas de procura de rendas e como conseguiron frear o progreso tecnolóxico. Hoxe en día na industria das telecomunicacións é frecuente usar unha maraña de patentes para impedir a entrada da concorrencia. Mesmo xa existe un alcume para quen usa esta artimaña: troll de patentes.

Figura 10: Non conceder privilexios legais





Figura 11: As funcións das boas institucións



6

Evolución institucional

Por qué unha sociedades se dotan de institucións que favorecen a prosperidade e outros non? A que forzas obedece o cambio institucional? Por qué non se implementan as institucións que garanten a prosperidade? Se queremos responder estas preguntas necesitamos comprender como se crean e evolucionan as institucións. E definitiva, necesitamos identificar as forzas que hai detrás do cambio institucional.

* As institucións son produto do conflito entre persoas ou grupos de persoas perseguindo intereses diferentes e, moito a miúdo, antagónicos e que gozan de diferentes graos de poder.

A capacidade das persoas ou grupos de persoas de impor as institucións que mellor protexan os seus intereses depende do seu poder relativo. E o poder ten un carácter tanto político como económico. Depende tanto das institucións políticas que conceden un poder político *de iure* como da distribución de recursos que concede un poder político *de facto*. E o desempeño económico así como a distribución dos recursos depende das institucións económicas que O poder político está determinado polas institucións políticas que posúe unha sociedade e o poder económico polas institucións económicas e a distribución de recursos produtivos.¹²


Supoña unha sociedade gobernada por unha monarquía absoluta e na que toda a terra pertence a unha casta aristocrática. As institucións políticas (a monarquía absoluta) conceden todo o poder político *de iure* ao rei, porén a distribución dos recursos produtivos concede o poder político *de facto* á casta aristocrática. Os recursos produtivos pertencen á aristocracia por mor dunha institución económica (os dereitos de propiedade). Compre sinalar que a produtividade das terras é moi baixa pois os paisanos que traballan asalariados non poñen moito interese no seu cultivo. Isto é unha mostra de como as institucións económicas inflúen tanto na distribución dos recursos como no desempeño económico. Dada esta situación, aristocracia e monarquía entran en conflito pois ambos tentan usar todo o seu poder político (*de iure e de facto*) para establecer as institucións económicas e políticas que mais lles beneficien. O monarca, usando o seu poder político, quere introducir un imposto (institución económica) do 30% da produción agrícola nas terras da aristocracia e quere que o 50% das terras dos aristócratas pasen a ser propiedade dos paisanos

¹² A grandes trazos esta a tese argumentada por Daron Acemoglu, Simon Johnson e James Robinson no Capítulo 6 do Handbook of Economic Growth (Vol. 1A) "Institutions as the Fundamental Cause of Long-Run Growth" editado por Philippe Aghion e Steven N. Durlauf no ano 2006.

nos (outra institución económica), para así distribuír recursos ao seu favor e de quen o apoia (os paisanos). Porén, a aristocracia oponse radicalmente á introdución do imposto e esixe a creación dun Parlamento no que estea representada e con potestade aprobar ou rexeitar as leis promulgadas polo soberano (institución política). Despois de moitas disputas chegan ao seguinte acordo: o imposto será só do 10%, distribuíranse entre os paisanos o 10% das terras dos aristócratas e creárase un Parlamento composto ao 50% por paisanos e aristócratas e no que o rei teña poder de veto. A concesión de dereitos de propiedade aos paisanos mellorou a produtividade nas súas terras. Ademais de influír no desempeño económico as institucións económicas xeran unha nova distribución de recursos. E a historia volta a comezar.

Baseándonos neste exemplo podemos elaborar un diagrama de evolución institucional:

Figura 12: evolución institucional



Nota: O diagrama está tomado de Daron Acemoglu, Simon Johnson e James Robison no Capítulo 6 do Handbook of Economic Growth (Vol. 1A) "Institutions as the Fundamental Cause of Lon-Run Growth" .

A evolución institucional é produto do conflito entre grupos de intereses. Os grupos de intereses mais poderosos nos dubidarán en impor as institucións políticas e económicas que mellor satisfagan os seus intereses particulares se teñen capacidade para facelo. Aínda que estas institucións atenten contra a prosperidade dunha sociedade. Consecuentemente, non dubidarán en bloquear as mudanzas institucionais se estas atentan contra os seus intereses.

As orixes coloniais das institucións

Os colonizadores de América –tanto españois e portugueses como británicos e holandeses- impuxeron institucións que protexían os dereitos de propiedade duns poucos (da oligarquía crioula) naquelas zonas onde o clima e a presenza dun alto número de habitantes indíxenas favorecían a extracción dos recursos naturais en base á explotación da man de obra local, mentres deseñaron institucións que protexían os dereitos de propiedade do conxunto da sociedade onde o clima e a escasa presenza de poboación indíxena favorecía a inmigración. Esta é a tese argumentada por Daron Acemoglu, Simon Johnson e James Robison nun artigo publicado na *American Economic Review* no ano 2001 “The Colonial Origins of Comparative Development: an Empirical Investigation”. Tamén os colonizadores europeos de África –independentemente da súa nacionalidade implementaron institucións orientada a extraer os recursos das colonias. Institucións extractivas que sobreviviron á descolonización na man de oligarquías locais que herdaron o poder dos colonizadores

A capacidade que ten un grupo de intereses en impor as institucións que mais lle conveñen dependen do seu poder –tanto político como económico- en relación a outros grupos. Se o poder entre os diferentes grupos está bastante equilibrado entón será difícil para algún deles antepor os seus intereses aos dos demais. Ademais se existe unha intensa concorrencia económica entón existirán poucas rendas das que apropiarse e por tanto os incentivos a levar a cabo actividades de procura de rendas serán escasos. Por tanto:

Concorrencia política e o xurdimento das boas institucións

En Inglaterra a finais da Idade Media existía un gran equilibrio de poder entre Parlamento e a Coroa. Esta concorrencia ente ambas partes dificultaba que algunha delas introducise leis, normas ou regulacións que a beneficiasen en detrimento da outra parte. Como un resultado desta concorrencia, a mediados do século XVIII existían relativamente poucas regulacións e ningún grupo podía con éxito bloquear a adopción de novas tecnoloxías desenvolvidas polos innovadores.¹⁶ Porén, na mesma altura, en Francia ou España a concorrencia política era moito menor pois o poder estaba moi concentrado na Coroa, o que lle permitiu instaurar regulacións que lle garantían elevados ingresos, mais que hipotecaron o desenvolvemento económico do país. Esta é a tese de Robert B. Ekelund e Robert D. Tollison, desenvolvida no seu libro de 1991 “*Mercantilism as a Rent Seeking Society*” editado por College Station: Texas A&M Press e que Stephen L. Parente e Edward C. Prescott recollen no seu libro “*Barriers to Rich*” editado por The MIT Press no 2002.

En 1607 a Virginia Company fundou a primeira colonia británica en América do Norte. A intención da compañía era obter suculentos lucros explotando a poboación indíxena. Porén, esta estratexia por razóns que non veñen ao caso fracasou. Ante o fracaso a compañía mudou a súa estratexia: xa que non podía explotar os indios, explotaría os colonos. Instaurou entón un réxime draconiano na colonia que lle permitía apropiarse de boa parte das rendas xeradas polos colonos. Porén, estes tiñan un As na manga. Podían ir vivir cos indios. A vida entre eles era moito mais doada. Os colonos usaron esta ameaza para conseguir modificar as institucións políticas da colonia no seu favor e instaurar un sistema que garantise as súas propiedades. Tal vez este episodio estea na orixe da futura prosperidade dos Estados Unidos. Unha exposición mais extensa destes feitos pódese encontrar no libro “*Why Nations Fail: The Origins of Power, Prosperity, and Poverty*” de Daron Acemoglu e James Robison editado no ano 2012 por Crown Publishers.

* Canta mais intensa sexa a concorrencia tanto política como económica entre os diferentes grupos de interese mais difícil será que se adopten institucións en favor dalgún grupo e, por tanto, institucións que ameacen a prosperidade.

Para que haxa concorrencia política o poder non pode estar moi concentrado nun individuo ou grupo de individuos. Por iso:

* A dispersión e descentralización do poder político e económico promoven a concorrencia e, por tanto, dificultan a aparición de institucións que hipotequen a prosperidade.

Descentralización do poder e a emerxencia de boas institucións

Finalmente, aínda que mais tarde, Francia, España e outros países do continente Europeo tamén se incorporaron á senda da prosperidade. A explicación tamén se encontra na presión concorrencial. En particular na presión concorrencial proveniente da descentralización do poder político. O crecemento económico moderno finalmente emerxeu na Europa continental despois de que Inglaterra comezase o seu desenvolvemento debido á concorrencia entre os estados soberanos. Os gobernos non podían reprimir o progreso económico mantendo institucións que hipotecasen a prosperidade mentres outros estados estaban crescendo. Se así fixer entón probabelmente serían invadidos e conquistados polos Estados mais ricos. Esta tese é argumentada libro de Joel Mokyr "The lever of riches: technological creativity and economic progress" publicado no ano 1990 por Oxford University Press.

En China coa chegada ao poder da dinastía Ming a mediados do século XIV Ming produciuse unha concentración do poder nas mans do emperador que este usou para realizar modificacións institucionais que consolidasen o seu poder político e aumentasen o seu poder económico, mais que retrasaron varios séculos o desenvolvemento económico chinés. O atraso chinés perdurou mais tempo que o de Europa continental porque a China carecía de competencia ou ameazas externas de invasión. Stephen L. Parente e Edward C. Prescott fanse eco desta tese no seu libro de 2001 "Barriers to Riches" editado por The MIT Press. Estes autores baséanse na tese doutoral de R. Edwards lida na Universidade de Minnesota no ano 1999 e publicada no capítulo 12 do libro "Essays in Economic Development" baixo o título "China's Economic Development Experience, 900-1900 A.D."

O episodio histórico descrito, ademais de ilustrar a dinámica institucional como produto do conflito entre axentes que perseguen os seus propios intereses e gozan de diferentes graos de poder político e económico, pon de manifesto outro aspecto importante:

En Inglaterra a finais da Idade Media existía un gran equilibrio de poder entre Parlamento e a Coroa. Esta concorrencia ente ambas partes dificultaba que algunha delas introducise leis, normas ou regulacións que a beneficiasen en detrimento da outra parte. Como un resultado desta concorrencia, a mediados do século XVIII existían relativamente poucas regulacións e ningún grupo podía con éxito bloquear a adopción de novas tecnoloxías desenvolvidas polos innovadores.¹⁶ Porén, na mesma altura, en Francia ou España a concorrencia política era moito menor pois o poder estaba moi concentrado na Coroa, o que lle permitiu instaurar regulacións que lle garantían elevados ingresos, mais que hipotecaron o desenvolvemento económico do país.

Finalmente, aínda que mais tarde, Francia, España e outros países do continente Europeo tamén se incorporaron á senda da prosperidade. A explicación tamén se encontra na presión concorrencia. En particular na presión concorrencia proveniente da descentralización do poder. O crecemento económico moderno finalmente emerxeu na Europa continental despois de que Inglaterra comezase o seu desenvolvemento debido á concorrencia entre os estados soberanos. Os gobernos nos podía reprimir o progreso económico mantendo institucións que que hipotecasen a prosperidade mentres outros estados estaban crecendo. Se así fixer entón probabelmente serían invadidos e conquistados polos Estados mais ricos.

En China coa chegada ao poder da dinastía Ming a mediados do século XIV Ming produciuse unha concentración do poder nas mans do emperador que este usou para realizar modificacións institucionais que consolidasen o seu poder político e aumentasen o seu poder económico, mais que retrasaron varios séculos o desenvolvemento económico chinés. O atraso chinés puido pervivir mais tempo que o de Europa continental porque a China carecía de competencia ou ameazas externas de invasión.

Todos os exemplo dados nos parágrafos previos condúcennos á seguinte conclusión:

- * A dispersión e descentralización do poder político e económico promoven a concorrencia e, por tanto, dificultan a aparición de institucións que hipotequen a prosperidade.

7

Conclusións

As institucións políticas e económicas das que se dota un país son o principal condicionante da súa capacidade para emprender o camiño da prosperidade pois:

* As institucións determinan os incentivos que confrontan os individuos na súa interacción social.

Delas depende que estas interaccións teñan resultados facilmente predicíbeis. Delas depende de que os individuos se decanten pola frugalidade e o esforzo. Delas dependen que os individuos canalicen o seus esforzos a actividades produtivas. Delas depende que se podan realizar todas as potenciais ganancias das interaccións humanas.

As institucións que fomentan a prosperidade deben establecer un sistema de incentivos tal que os individuos realicen o maior número posíbel de accións beneficiosas para os demais e o menor número posíbel de accións prexudiciais.

Para lograr este obxectivo, as institucións que promoven o desenvolvemento económico deben cumprir catro funcións primordiais:

- * Protexer os dereitos de propiedade e garantir o cumprimento dos contratos co fin de que os individuos teñan os incentivos necesarios á frugalidade, o esforzo, a acumulación e a innovación.
- * Non impedir os tratos libres e voluntarios para que se podan explotar todas as posíbeis ganancias das interaccións humanas.
- * Establecer un marco estábel no que o risco sexa o mínimo posíbel co fin de reducir na medida do posíbel a incerteza sobre o futuro e así incentivar a frugalidade, o esforzo, a acumulación e a innovación.
- * Establecer un marco no que os individuos ou grupos de individuos teñan non teñan privilexios legais que os capaciten para levar a cabo actividades de procura de rendas.

A evolución institucional obedece á lóxica do conflito, pois as institucións so o resultado da pugna entre grupos de intereses gozando de diferente poder relativo, tanto económico como político, tentando modelar as institucións coa intención de que contribúan a manter ou aumentar ese mesmo poder. Por tanto, as institucións non obedecen á lóxica da eficiencia. Non se desenvolven co fin de maximizar o ben estar social. Por iso, os grupos mais poderosos implementarán institucións que contribúan a satisfacer os seus intereses, non a promover o desenvolvemento económico. E tentarán bloquear calquera evolución institucional que poña en tela de xuízo os seus intereses.

A concorrencia económica e política é a chave angular que permite evitar que uns grupos de intereses antepoñan os seus intereses aos doutros grupos. A concorrencia dificulta así que se poñan en práctica institucións que ameacen a prosperidade.

Para saber máis...

1. O libro de David N. Weill *Crecimiento Económico* e o libro de Charles I. Jones *Introducción al crecimiento económico* editados ambos por Person Educación nos anos 2006 e 2000, respectivamente, ofrecen moi boas introducións á literatura tanto empírica como teórica sobre crecemento económico. Os libros conteñen capítulos nos que se discute o papel das institucións no desenvolvemento económico.
2. O libro de Daron Acemoglu *Introduction to Modern Economic Growth* editado por Princeton University Press ofrece un tratamento mais avanzado. O libro tamén contén capítulos nos que se discute o papel das institucións no desenvolvemento económico.
3. No libro *Why Nations Fail: The Origins of Power, Prosperity, and Poverty* de Daron Acemoglu e James Robinson editado no ano 2012 por Crown Publishers analízanse moitos episodios históricos que corroboran o papel crítico que as institucións xogan no éxito ou fracaso das nacións.

RESUMO

1. As institucións son as regras do xogo nunha sociedade ou, mais formalmente, son as restricións elaboradas pola acción humana que determinan as interaccións humanas. Un incentivo é algo que motiva a un individuo a realizar unha acción. As institucións constan tanto de restricións formais e informais como do modo en que se aplican e fan cumprir.
2. As institucións que fomentan a prosperidade deben configurar a estrutura de incentivos que induza os individuos a realizar o maior número posíbel de accións beneficiosas para o maior número posíbel de individuos ao tempo que realizan o menor número posíbel de accións prexudiciais para o menor número posíbel de individuos.
3. As actividades de procura de rendas son aquelas que están destinadas a transferir rendas duns individuos a outros. As actividades de procura de lucros son aquelas resultan na produción de algo útil para os demais. As actividades de procura de rendas teñen dous efectos perniciosos sobre a produtividade: (i) a procura de rendas desincentiva o investimento produtivo pois actúa como un gravame que reduce a rendibilidade dos investimentos ou unha traba que os imposibilita e (ii) a procura de rendas substitúe os investimentos produtivos pois os recursos destínanse á procura de rendas e a protexerse contra a mesma.
4. A función primordial debe ser protexer a propiedade privada e garantir o cumprimento dos contratos. Por tres motivos: (i) Os individuos aprópanse dos rendementos das súas accións e isto é unha condición necesaria para que xeralmente os individuos teñan incentivos ao esforzo e á frugalidade, sustento ambos da prosperidade, (ii) ademais, se as institucións realizan eficientemente estas tarefas, favorecerán os negocios ao reducir os custos transaccionais e (iii) dificultanse as actividades de procura de rendas.
5. Non impor barreiras ao comercio fomenta a prosperidade dunha nación por varias razóns: (i) Facilita a especialización produtiva nas tarefas en que os individuos son relativamente mais eficientes, (ii) favorece a adopción tecnolóxica, (iii) incentiva a innovación e (iv) fomenta a concorrència.
6. A redución do risco fomenta os investimentos produtivos de individuos adversos ao risco. Unha fonte importante de incerteza introdúcea a propia administración do Estado se actúa discrecional e arbitrariamente ou se muda frecuentemente o entorno regulatorio. Para minimizar o risco é preciso un entorno macroeconómico de estabilidade tanto fiscal como monetaria. Os conflitos redistributivos son tamén unha importante fonte de risco.
7. Se o Estado concede privilexios legais a un grupo de individuos e non a outros estes usarán estes privilexios para levar a cabo actividades de procura de rendas. As leis, normas e regulacións estatais

son usadas moi a miúdo para desenvolver actividades de procura de rendas. Ademais, a proliferación de regulacións estatais é o xerme da corrupción.

8. Unha das grandes ameazas á prosperidade dunha sociedade é que os grupos de presión sempre han tentar manipular as institucións no se propio beneficio para así obter rendas. A razón pola cal os grupos de interese trunfan moi a miúdo nas súas reivindicacións é que os beneficios das leis, regulacións e políticas estatais están concentrados e os seus custos moi dispersos.
9. As regulacións estatais que conceden privilexios legais a un grupo de individuos conceden a estes a posibilidade de bloquear a adopción de mellores métodos de produción e das mellores prácticas de traballo. Pódeno facer de tres xeitos: (i) poden evitar que as empresas muden a mellores prácticas de traballo ou métodos de produción, (ii) poden protexer a industria da entrada de novas empresas que usan métodos mais produtivos (iii) poden conceder a capacidade a un grupo de individuos de bloquear a introdución de novas tecnoloxías.
10. As institucións son produto do conflito entre persoas ou grupos de persoas perseguindo intereses diferentes e, moito a miúdo, antagónicos e que gozan de diferentes graos de poder. Canta mais intensa sexa a concorrencia tanto política como económica entre os diferentes grupos de interese mais difícil será que se adopten institucións en favor dalgún grupo e, por tanto, institucións que ameacen a prosperidade. A dispersión e descentralización do poder político e económico promoven a concorrencia e, por tanto, dificultan a aparición de institucións que hipotequen a prosperidade.

ACTIVIDADES

1. Qué é unha institución? Qué é un incentivo? Poña varios exemplos de institucións e argumente como inflúen nos incentivos que confrontan as persoas.
2. Qué son actividades de procura de rendas? Coñece algún exemplo no seu entorno deste tipo de actividades?
3. Acredita en que copiar nun exame é unha actividade de procura de rendas. Argumente.
4. “Prohibido copiar nun exame”, “Está suspenso si é sorprendido copiando”, “Os que mais saben levan as mellores notas”. Identifique a institución, o incentivo e o resultado.
5. Considere dous xeitos de distribuír vídeo xogos. O xeito A: deixo os vídeo xogos nunha morea sobre a mesa do profesor e o primeiro que os colla serán deles. O xeito B: doulle un vídeo xogo a cada estudante aleatoriamente e logo permítoles que fagan todas as trocas que sexan precisas. Describa cales serían ao seu entender as consecuencias de ambos modos de distribuír os vídeo xogos?
6. Por qué motivos a garantía da propiedade privada e do cumprimento dos contratos favorece as accións produtivas? Argumente.
7. Propóñolle que escolla dúas alternativas. Alternativa A: doulle con total seguranza 5000 euros. Alternativa B: tiramos unha moeda ao aire, se sae cara doulle 20000 euros e se sae cruz tenme que dar a min 10000 euros. Que alternativa prefire?
8. Cáles son as vantaxes de que unha economía estea aberta ao exterior?
9. Todos os días ata fin de curso repartirei 1000 euros entre os membros da aula. Podo seguir as seguintes regras de reparto. Regra A: todos os días lle darei os 1000 euros a Xanciño. Regra B: todo o día sortearei os 1000 euros entre os membros da aula e dareillos a quen lle toquen. Regra C: todos os días repartirei os 1000 euros a partes iguais entre os membros da aula. Que faría vostede en cada caso?
10. Qué pensaría vostede se o profesor mudase todas as semanas o contido da materia e o sistema de avaliación? Facilitaría os seus estudos?
11. O seu profesor concédelle ao menos aplicado da aula o privilexio de fixar a materia que entra no exame. Entrará moita ou pouca materia? Considera que vostede sairá beneficiado ou prexudicado pola decisión do menos aplicado? Considera que esta decisión será o mellor para a súa formación? E se lle concede o privilexio ao mais aplicado que acontecerá? E se o fai o profesor?

